

PROGRAMA MENTORING ALUMNI-UVIGO



Alumni
UniversidadeVigo

GUIA DA PERSOA MENTORIZADA

Con este programa de mentorías, desde a **Universidade de Vigo** queremos lograr que ti, como estudante ou recién titulado/a, mellores as túas habilidades para a empregabilidade a través da orientación e do asesoramento por parte dun ou dunha profesional en exercicio da túa mesma área de coñecemento, así como da orientación laboral prestada polo persoal que forma parte da Área de Emprego e Emprendemento da propia universidade.

O obxectivo final é axudarte na túa inserción laboral!



PODO SER MENTORIZADO/A?

Si, sempre que sexas **estudante dos últimos curso de grado, de mestrado ou doutoramento** da Universidade de Vigo ou persoa titulada rexistrada na comunidade alumni-UVigo e esteas disposto a coñecer a experiencia dun ou dunha profesional e recibir o seu apoio, motivación e crítica construtiva co obxectivo de que te axuden no seu percorrido á incorporación ao mercado laboral.



PROCEDIMIENTO PARA RECIBIR MENTORÍAS

O proceso é moi fácil só tes que seguir os seguintes pasos:

1 Comproba o teu perfil: tes que ser estudante da Universidade de Vigo ou recentemente titulado (menos de 5 anos!)

3 Contacto co servizo de orientación laboral. A continuación, o persoal do servizo de orientación laboral da UVigo contactará contigo para programar unha entrevista.

4 Asignación do mentor/a. Unha vez feita a primeira entrevista coa orientadora, asignarásese un mentor/a, quen se poñerá en contacto contigo para establecer o calendario de sesións.

2 Inscripción:

a. Se es titulado pola Universidade de Vigo terás que estar rexistrado como usuario/a da comunidade alumni-UVigo. Podes facelo a través desta ligazón:

alumni.webs.uvigo.es/red-mentores/. Unha vez feito, xa poderás seguir co seguinte paso

b. Se es estudante, completa este formulario e envíao, xunto cunha copia do teu currículo actualizado e unha carta de presentación co motivo do teu interese en participar no programa.

5 Dúbdas: escribe a alumni@uvigo.gal e indica no asunto do correo «Programa mentoring alumni-uvigo»

SESIÓNS DE MENTORIZACIÓN



Dispoñerás de a lo menos dúas sesións co mentor/a que che sexa asignado.



O tipo de sesións que se teñas durante a mentoría (presencial, en liña) pactaralas co teu mentor/a.

No caso de sesións presenciais, a UVigo dispón dunha sala no espazo Incuvi, situado no campus de Vigo, e dun espazo de cotraballo no Edificio Redeiras /Vigo, cidade) e doutras localizacións nos campus de Ourense e de Pontevedra.

COMPROMISOS

- Debes comunicarlles coa suficiente antelación a túa falta de asistencia a calquera das actividades propostas, tanto ao mentor/a como á orientadora laboral.
- Ao finalizar o proceso de mentorización a nosa orientadora laboral enviarache unha ligazón a un cuestionario para coñecer como foi o teu paso por este programa. Con esta información aprenderemos das vosas experiencias para mellorar o programa.





COMO DARSE DE BAIXA

Se antes de comezares a mentorización decides non participar no programa debes enviar un correo electrónico a **alumni@uvigo.gal** e indicar no asunto da mensaxe “Baixa do programa mentoring alumni-UVigo”



CONTACTO E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Para calquera dúbida ou en caso de conflito podes enviar unha mensaxe a **alumni@uvigo.gal** e nos encargaremos de por os medios adecuados para a sua resolución.